

Amigos e amigas



Manuel María non foi só un bo escritor; foi, ademais, unha persoa boa e xenerosa. Proba de iso é o cariño e a estima que lle tiña o pobo galego, e quedou reflectido nos textos que moitas escritoras e escritores lle dedicaron. Agora poderás ler algúns:

Camilo Gómez Torres no capítulo dedicado a Manuel María da Historia da Literatura Galega, da Nosa Terra e a AS-PG, di:

Hai homes que viven unha vida. Algúns, viven moitas vidas. O noso poeta pertence ao segundo grupo: o home, o poeta, o narrador, o dramaturgo, o xornalista, o mestre, o divulgador cultural, o político, o procurador dos tribunais, o editor, o cidadán, o incansábel peregrino dos camiños da Galiza e o mundo... son un a un e todos xuntos MANUEL MARÍA.



E ESTE QUERER QUEDARSE NA PAISAXE

*Na Terra Chá medida con corazón e alma,
Manuel María, Chaira.*

*Na saíba dos carballos, na floración do viño,
Manuel María, Río.*

*No Miño e no Cepelo, parellos na lembranza,
Manuel María, Auga.*

[...]

*Na palabra de pedra, na de mel e na de alba,
Manuel María, Fala.*

*Na memoria de nós, da Patria no camiño,
Manuel María, Fito.*

*No amor de Saleta, paixón que non acaba,
Manuel María, Chama.*

*Na amizade fecunda, no sentimento limpo,
Manuel María, Amigo.*

Marica Campo

METAPOESÍA Para o Manuel María, Muíñeiro de brétemas.

*Un arbusto a tremer, eis o poeta,
cando se achega espido a un papel
coa suor da incerteza pola pel
e o pensamento feito cadeneta.
Unha pausa a fluír, eis o poeta
cando a man se converte nun pincel
co dozor das palabras e o seu mel
que na páxina branca se concreta.*

Miro Villar

Unidade 12

Tal e como che fomos ensinando ao longo desta unidade Manuel María foi un magnífico escritor. Agora para rematar queremos mostrarche a súa faceta de *camiñante* que facía del o máis experto guía en calquera parte de Galiza. Percorreu o país con agarimo, os vales e vilas, os montes e faros, as súas festas.... deixando nos seus escritos as súas impresións e coñecementos.

Sempre que podo vou a Caaveiro. Dubido que no mundo poida haber un lugar máis fermoso. Un sitio tan solitario e tan humanizado ao mesmo tempo. Unha fraga tan misteriosa e tan amiga do home.

As terras de Chantada están no centro de Galicia. Dende o Miño ao Faro hai unha paisaxe singular de vides e sucalcos. Terra viciosa de arboredo e cruzada de ríos e regatos cantores que van correndo monte abaixo, como se tiveran presa de sulagarse no Miño.

O povo de Bares, abrigado pola Estaca, ábrese, apiñado e recollido, cara á Ría do Barqueiro. A illa Coelleira, envolta en néboa, xurde do mar como unha visión imprecisa e difuminada. Hoxe é terra deserta. Noutro tempo erguérase nela un mosteiro.

Andando a Terra

E nestas viaxes as visitas as escolas tiveron a meirande importancia.

"Eu andei por case todas as escolas de Galiza e resulta, como se di agora, moi gratificante. Teño experiencias moi boas de diálogos moi agudos, máis incluso que con universitarios".



Das súas visitas ás escolas, da lectura das súas obras dan conta multitude de *obras mestras* da ilustración feitas por nenos e nenas de todas as idades. Aquí che mostramos un par delas, seguro que na túa clase podedes facer tamén debuxos e murais moi vistosos.



Edita: Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Autores: María Xosé Bravo, María Calvo e Carme Vilaríño.
As ilustracións son feitas polos nenos e nenas do C.P.I. de Coristanco e por Andrea Ramos e Andrea Castro.
Fotografía: Arquivo familiar. Maquetación: Chus Freire. Depósito Legal: C-2094-05. ISBN: 84-89679-76-2



asociación de escritores
en lingua galega



A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA